

IMPORTANCIA DOS INCENDIOS FORESTAIS NO BARBANZA



Obxectivo.

- Sensibilizar e concienciar aos estudantes de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e bacharelato sobre a importancia dos incendios forestais na zona do Barbanza e da necesidade da preservación do medio ambiente e a xestión sostible dos recursos.

Actividades a realizar.

1. Proxecto de investigación.

- **“Detectives do lume” (2-3 sesións).** Dividir ao alumnado en grupos e asignar a cada grupo, unha tarefa de investigación sobre os incendios forestais na zona do Barbanza. Logo cada grupo presenta os seus descubrimentos ao resto da clase. Podemos afrontalo facendo un xogo de roles con análise de casos reais e debates.
- **“Guardiáns do monte”:** Os estudantes aprenden sobre as medidas de prevención e como actuar ante un incendio forestal. Podemos poñer un

exemplo dun lume real que ocorreu na contorna ou arredores. Trataríase de especificar de forma detallada como se realizaría un simulacro de evacuación y prácticas de extinción co lume segundo as características deste caso en particular e asumindo os diferentes roles na extinción dos incendios forestais.

Os temas a abordar son:

- Estadística de incendios forestais na zona do Barbanza nos últimos anos en comparación con outras zonas de Galicia ou España.
- Causas dos incendios forestais.
- Medidas de prevención e accións de recuperación.
- Impacto ambiental.
- Análise de casos reais que se deron na contorna ao longo destes anos.
- Proxección de documentais que aborden a temática dos incendios forestais dende diferentes perspectivas.
- Persoas que interveñen na extinción de incendios.
- Estudo do ecosistema (fauna, flora) típica da zona anterior a un incendio forestal.
- Estudo dos gastos que supuxeron as prácticas preventivas na loita contra o lume fronte aos gastos que supuxeron a extinción dos incendios da contorna nos últimos anos.
- Análise dos datos do histórico da rede metodolóxica de Galicia por meses nos últimos anos para analizar o seu comportamento fronte os incendios forestais na zona do Barbanza.

2. Materiais audiovisuais.

- **Realización de vídeos cortos** de concienciación sobre a prevención de incendios forestais.
- **Concurso de fotografía: “A beleza do bosque: antes e despois do lume”.**

3. Actividades creativas.

- **Concurso de carteis** con mensaxes alusivos á prevención de incendios forestais.
- **Concurso de relatos cortos: “Historias do monte queimado”**
- **Creación de cancións ou poemas.** Trátase de crear composicións musicais ou poemas que transmitan a importancia de protexer os nosos montes.

4. Xogos e actividades lúdicas:

- **Xogos de mesa:** Deseño de xogos de mesa educativos que traten sobre a prevención de incendios forestais e os perigos e desafíos que supón.
- **Gymkanas ambientais:** Organizar gymkanas no entorno natural onde o alumnado aprendan sobre a importancia do sector forestal e as medidas para protexelo.

5. Redes sociais:

- **Campaña en redes sociais** co obxectivo de difundir información sobre a prevención de incendios forestais.
- **Utilización de hashtags:** Empregar hashtags específicos para a causa, como #StopIncendiosForestais# ou #ProtexeoTeuMonte.

6. Talleres:

- **“O lume nas entrañas do monte”.** Un taller práctico onde os estudantes simulan un incendio forestal e experimentan as consecuencias nun ecosistema.

7. Campañas de concienciación.

- **“Eu coido o meu monte”.** Crear carteis, vídeos para difundir mensaxes de prevención y cuidado del medio ambiente.
- **“Reto Sen Lume”.** Los a lanzar un desafío en redes sociales con dos estudiantes compartan fotos o vídeos con mensaxes de responsabilidade individual.
- **“Brigada verde”.** Formar un grupo de estudantes voluntarios para realizar actividades de limpeza en vixilancia en zonas forestais.